



INFORMA

PUBLICADA NO DOGA DE 29-2-24 A NOVA NORMATIVA DE HORARIO E CALENDARIO LABORAL NA XUSTIZA GALEGA.

PRINCIPAIS NOVIDADES APLICABLES.

- A solicitude de SPJ-USO, tal como solicitamos insistentemente nos últimos anos, **PODEREMOS ACUMULAR OS DIAS DE ASUNTOS PARTICULARES ÓS 7 DÍAS SOLTOS DE VACACIÓNS DE DESFRUTE INDEPENDENTE.**

- **IMPORTANTE: NO HORARIO DE INVERNO AMPLÍASE A FRANXA HORARIA NA QUE PODEREMOS FICHAR ATA AS 20.00 HORAS.**

- No HORARIO DE VERÁN mantense a regulación e sóo poderemos fichar ata as 17.30 horas.

- A flexibilización do horario fixo (plan concilia) para o suposto dos fillos menores amplíase ata os 18 anos (non sóo ata os 12).

- **DIAS 24 e 31 de decembro:** O persoal de garda (permanencia e dispoñibilidade) os días 24 e/ou 31 de decembro terá sempre un día a maiores de asuntos particulares. Ademais se o 24 e 31 de decembro son sábado ou domingo tódolos traballadores teremos 2 días mais de asuntos particulares ese ano.

- As **prolongacións de xornada** serán ata completar as 40 horas semanais en cómputo mensual de traballo efectivo na xornada de inverno e 37,5 horas semanais en cómputo mensual na xornada de verán.

- **Compensacións horarias** por dilixencias urxentes ou inaprazables (non aplicable a actuacións de garda ou horarios especiais, prolongacións de xornada ou realización voluntaria do horario flexible):

- Cada hora traballada **entre as 17.00 e as 22.00 horas**, de luns a venres, computarase como **dúas horas efectivas**.

- No **caso dos xulgados exclusivos de violencia sobre a muller**, previa certificación do letrado/a acreditando que se debe a actuacións urxentes, computarase **cada hora traballada entre as 15:00 e as 22.00 horas de luns a venres, como dúas horas efectivas**

- **Cada hora traballada a partir das 22.00 horas ata as 7.30 horas do día seguinte, sábados, domingos e festivos, como dúas horas e media efectivas.**

No caso de que as anteriores circunstancias supoñan un exceso de horas traballadas sobre a xornada mensual, estas poderanse compensar dentro do horario flexible do mes seguinte, e de non ser posible, compensaranse con días de permiso.

SPJ-USO: OS TEUS DEREITOS; O NOSO TRABALLO!!! FEITOS, NON PALABRAS!!!

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Belén 622216341

FERROL: Manu 678514555

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422

LUGO: Rodrigo 605739886

OURENSE: Fran 660450226 - Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257

VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 - Sol 687939335

Mail spjusogalicia@gmail.com

Bloque <http://spjusogalicia.com>